

World Association for Public Opinion Research Regional Seminar
*Transnational Connections: Challenges and Opportunities
in Communication and Public Opinion Research* March 17-18, 2011

Crónica-resumo da primeira xornada do Seminario Rexional da WARPO (Asociación Mundial para a Investigación da Opinión Pública) para o Grupo de Investigación Novos Medios, por Doris Fernandes.

Segovia, 17 de marzo de 2011

A WARPO (World Association for Public Opinion Research Regional Seminar) celebrou o xoves 17 e o venres 18 na sede da IE University, en Segovia, a súa xuntanza anual rexional. Prestixiosos expertos na investigación sobre a opinión pública procedentes de todo o mundo reúnen-se hoxe e mañá no mosteiro segoviano de Santa Cruz La Real para falar sobre o presente e futuro da investigación neste eido. Os temas que tratan as diferentes comunicacións e obradoiros van dende a influencia das novas tecnoloxías na mobilización das masas, aos erros na metodoloxía empregada para as sondaxes de intención de voto, pasando polos novos retos en materia de investigación socio-política ou á manipulación lingüística das enquisas.

A primeira sesión do xoves abriuse coa benvinda de Begoña González Cuesta, decana da *School of Communication* da IE University, e de Magdalena Wojcieszak, organizadora do encontro. Seguíulles o discurso de apertura de Elihu Katz, en representación da *Annenberg School of Communication* da Universidade de Pennsylvania. Katz, notable estudoso da comunicación e da socioloxía, fixo unha revisión da súa carreira e reflexionou sobre a situación actual do debate entorno ás vantaxes e desvantaxes do modelo de democracia deliberativa e de democracia representativa. O investigador sinalou que estamos a vivir un rexurdimento do “boca a boca”, e unha nova polarización da opinión pública, onde a gran pregunta segue sendo cómo e porqué se estende unha opinión entre un importante grupo de persoas, e en qué grao pode chegar a provocar unha acción, individual ou colectiva.

O resto da xornada dividiuse en dous presentacións de comunicacións, separadas pola ineludible pausa para comer nos corredores do antigo mosteiro do século XIII. Na primeira sesión, os participantes elixiron entre tres bloques temáticos; *Media, Networks and Social Movements*, *Media frames and Public Opinion* e *Understanding Public Opinion Polls*. Neste último, catro ponentes presentaron sendos estudos relacionados co estudo empírico da opinión pública.

Cabería destacar entre as devanditas presentacións, a feita polo investigador galego da Universidade de Valladolid Miguel Vicente-Mariño, que explicou o estudo que está a levar a cabo en colaboración con outros colegas sobre a percepción, difusión e cobertura do cambio climático en España. Tamén a comunicación de Michael Traugott, da Universidade de Michigan, ofreceu unha análise sobre as dificultades e deficiencias das sondaxes de intención de voto nas eleccións primarias de Estados Unidos, especialmente en 2008, debido á inusual

pivotaxe entre os dous candidatos demócratas, H. Clinton e B. Obama. Esta presentación espertou un gran interese na sala, que dirixiu preguntas a Traugott en varias ocasións.

O segundo bloque de presentación agrupaba os temas de *Political Communications and the Internet around the Globe*, *Media, Knowledge and Political Participation* e *Methodological and Measurement Issues and their Implications*. Neste último, as comunicacións estaban todas orientadas a comentar erros e dificultades metodolóxicas na obtención de datos de opinión sobre diversos aspectos. Wolfgang Donsbach, da Universidade Tecnolóxica de Dresden, falou do seu recente estudo sobre o coñecemento da actualidade da poboación alemana e a súa relación coa conciencia dos enquisados sobre as fontes de onde obtiñan esa información. Un dos maiores retos, segundo Donsbach, foi definir adecuadamente o concepto de “noticia relevante”, para o que enquisou diariamente a un panel de dez expertos na materia para determinar as dúas noticias do día.

Pola súa parte, os investigadores do centro de investigación Farleigh Dickinson University Public Mind, Dan Cassino e Peter J. Woolley, expuxeron conxuntamente os seus achados en relación á orientación na formulación de preguntas xenéricas nas enquisas sobre as eleccións legislativas estadounidenses. Como curiosidade, pódese destacar o feito de que, segundo Cassino e Woolley, os resultados das prediccións de voto son máis precisos cando se pregunta sobre o candidato en sí e non sobre o partido en xeral. Os investigadores sosteñen que este feito leva a salientar a importancia determinante do comportamento do candidato nos estudos de intención de voto, en detrimento da usual atención que recibe o comportamento do votante.

Cassino e Woolley foron seguidos por unha traballadora do US Census Bureau, Patricia Goerman, quen se encargou de trasladar á sala a súa experiencia no proceso de tradución das preguntas sobre educación da súa institución para inmigrantes de fala hispana, e qué dificultades de comprensión e adaptación conlevou esta actividade.

Como colofón, o físico e investigador polaco Pawel Sobkowicz fixo unha crítica dende o punto de vista técnico dos modelos artificiais de simulación de opinión que se empregan para facer prediccións sociolóxicas, tanto de carácter electoral como doutra índole. Sobkowicz quixo recalcar o feito de que moitos destes modelos de simulación non se ten en conta que a sociedade componse de milleiros de microredes que interconectan aos individuos a diferentes niveis sociais, e con diferentes graos de implicación.

Tras unha “typical Spanish” pausa do café, como bromeaban algúns dos asistentes, éstos volveron ás súas respectivas aulas para continuar coa última actividade do día, unha proposta de tres obradoiros cos títulos de *Polarization*, *Agenda Setting in the Real World* e *The State of New Media Research: Successes, Failures and a Research Agenda for the Next Ten Years*. Este último contou coa presenza de catro interlocutores que, logo de facer unha reflexión individual sobre os maiores erros cometidos ata o momento na investigación dos fenómenos mediáticos en Internet, pasaron a un debate co público sobre os maiores retos do presente e as liñas de investigación que terán máis peso no futuro no eido da socioloxía, das ciencias políticas e da comunicación.

O resto do programa pode consultarse na web do congreso:
<http://transnationalconnections.ie.edu/>.

Para calquera dúbida ou aclaración, poden escribir a: dorisfernandesdelpozo@gmail.com